

Da confesión co cura saíu a determinación: erixir un fermoso e grande santuario onde se atopaba a capeliña adicada á virxe, nacida nunha buraca daquela pedra na que a Señora tamén tiña unha pía para lavarse e un oco para o xabrón e outro para o peite. O Cura Vello vira, ó fin, a oportunidade de levar a cabo a idea do gran Rodrigo de Castro; e, por aquela, a Virxe escapaba a miúdo para o penedo onde, con outros nomes, lle rendiran tanto culto. ¡Trebopala!, parecía escoitar, mentras recordaba as ofrendas nos ocos da pedra nos que aínda se manifestaba o seu poder de deusa. Así que O Cura Vello de Pinol, do que din que abría as pedras encantadas co rezo, despois de escoitar abraiado o testimonio fervoroso dos humildes pastores, puxo man á obra e xunto cos canteiros de Vilameá e outros traballadores da zona, trouxo unha brigada de portugueses, afamados talladores da pedra. Con eles veu, xoven e solteiro, andada a segunda metade do século XVIII, o tataravó da Rosalía de Santiorxo que culminaría a torre do santuario, a última pedra coa bola e a cruz, e faría os cruceiros de Santiorxo e de Lobios. Sabemos que O Cura Vello de Pinol e O Coxo de Bulso esfacháronse por un problema de cartos e o edificio quedou sen rematar; por iso, ó pouco, apareceron os de de Brosmos



pola pedra picada sen colocar que lles vendera o cura a pesares da oposición dos veciños da freguesía (con ela fixeron parte da igrexa de Santa Cruz), e sabemos, tamén, que o de Bulso acabou purgando as culpas obrando na rúa das Panaderías da Coruña.



Persoeiros que nos saen ó camiño dándolle unidade, e facéndonos partícipes do mesmo tempo sen tempo. Persoeiros como José Rodríguez Blanco de Santo Tirso de Maceda e Esperanza Cid do Nogueiro, que se viron por primeira vez para casarse a cada beira do río Sil; ou Manuela Pérez Vázquez e Eladio Trigo, morto en Buenos Aires no 2007, unidos para sempre o cruceiro do Campo de Bulso, feito coa dura pedra de Cadeiras; Alfonso XI e Nôboas y Lamas das terras de Brosmos en Viladime de Arriba; Constanza Vázquez Somoza, a derradeira abadesa do mosteiro de Lobios, e Frei Rodrigo de Valencia, ás ordes de Isabel e Fernando; e a Paula de Veliños, a pequena espilida sabedora dos mensaxes daqueles que escribían nas pedras (O Preguiceiro, A Chá, O Monte de Veliños) e a Saleta de San Pil descubridora dos petroglifos do Agro, do Barcal e de Cadeiras. Todos e tantísimos máis como as tres irmáns que quedaron preñadas ó mesmo tempo – semellante ó mítico bíblico de Eva e á árbore da sabiduría- por beber na fonte prohibida de Vilameá.



Todos pregoando a mistura das idades por estes camiños que volven ó lugar de partida ou se espaxen en cada punto en infandas posibilidades. Sempre está o cerne noso en cada paso. Eso é o que importa.



Por terras de Brosmos




O coxo de Bulso

O Coxo de Bulso trouxera das américas dúas cousas: moitos cartos e a alma enchoupada de remorsos. Crimes que todo o mundo cría intuír no ser atormentado que voltara despois de moitos anos a pobre casa de Pipín de Arriba: envellecido, pouco sociable e arrastrando con dificultade aquela perna tulleita. Mais, rico, e, sobre todo, con aquela determinación case fanática reloucándolle nos ollos como, case un pícaro, tiña cando decidira marcharse a outros mundos a probar fortuna. *Eivos de acantazar cos cartos*, díxelle ós pais. Pero había tempo que os pais non estaban, e naquela casa solitaria por onde se colaban os pesadelos decidira facer algo para aminguar as culpas, que te perseguen aínda que haxa océanos polo medio.

- Sober. 2 de Marzo de 2008 -

A diagram of a circular magnetic field. It features a central circle with four poles labeled: North (N) at the top, South (S) at the bottom, East (E) on the right, and West (O) on the left. Eight radial lines extend from the center to the circumference, representing magnetic field lines.



Lonxitude	12300 m
Desnivel	152 m
Tempo	260 min
Dificultade	Baixa

- | | |
|---|-----------------|
|  | Adega |
|  | Casa Brasonada |
|  | Cantina |
|  | Capela |
|  | Castro |
|  | Cruceiro |
|  | Igrexa |
|  | Igrexa Románica |
|  | Miradoiro |
|  | Muiño |
|  | Petroglifo |
|  | Restos Romanos |